



Visita a Guimarães. Patrimonio da humanidade

26 e 27 de xullo 2014

PROGRAMA

Sábado 26

9h. **Partida.** O punto de encontro será Valença de Minho.

En Fafe..

11h **Ruta “Verde da Marginal”**

Ruta circular. Lonxitude, 4km. Dificultade, baixa.

Ruta completa. O seu interese paisaxístico, botánico e etnográfico é elevado. Polo río Vizela, en poucos quilómetros, as aromáticas irrompen no camiño e fan a súa aparición a herba cidreira e o tormentelo; tamén a menta de auga, xunto das espadanas, nas augas pouco fondas.

En Repulo, púlsase o traballo do rural. O millo e as barrosás son o sustento; as cortes e a eira en bo estado, os canastros en uso, os emparrados da viña entre as pequenas casas de granito. O coqueto, o bonito require dun traballo que desgasta.

E antes de atravesarmos unha ben conservada fraga de carballos de gran porte e unha fermosa ferverenza, aparece unha rareza: o ulmeiro.

En fin, para gozarmos..

14h **Descanso. Praia fluvial de Queimadela.**

16h **Hospedaxe na Pousadinha da Juventude en Guimarães**

En Guimarães..

16,30h **Visita ao Centro histórico de Guimarães** (Faia Educación Ambiental)

En Guimarães é moito o que podemos gozar e aprender.

Paseando polas rúas demoraremos o paso. Percibiremos ao pobo a través dos bordados de liño, da olaría; os azulexos, os curtumes,...

Non será difícil imaxinarnos a Afonso Henriques, Mumadona Días, Vímara Peres, Martins Sarmento,...pois as súas pegadas maniféstanse en calquera recanto da cidade.

A súa arquitectura secular apovúganos; o impresionante largo do Toural, a coqueta praza de Tiago; o Largo da Oliveira, da Condessa do Juncal, a rúa Egas Moniz, os Paços do Concelho, a Casa dos Cavaleiros, a Casa do Linho,....

Para non perdermos..

19h **Descanso**

Domingo, 27

10,30h **Visita á Citânia de Briteiros** (Sociedade Martíns Sarmento)

O seu urbanismo, arquitectura, dimensión e estado de conservación fan del unha referencia dos castros do noroeste peninsular.

Nun agradábel percorrido de 1,5km pola citania, entre carballos e sobreiras, unha arqueóloga da Sociedade Martins Sarmiento debullará a cultura castrexa a través do seu urbanismo, arquitectura, medio natural (landras de sobreira e carballo), agro (trigo, cebada, liño, millo miúdo) e gandaría (bovina, caprina, ovina).

12,30h **Visita ao Museu da Cultura Castreja. (Sociedade Martins Sarmiento)**

No Solar da Ponte, antiga casa da familia Martins Sarmiento, aséntase o Museu da Cultura Castreja. Integra os achados da Citânia de Briteiros e doutros castros do norte de Portugal; entre eles salientan os elementos líticos decorados das vivendas, máscaras cerámicas, obxectos de vidro, enfeites de roupa, a Pedra Formosa, ánforas,...

14h **Descanso na praia fluvial de Caldas das Taipas**

16h. **Ruta Campo de Ataca**

Ruta linear. Lonxitude total, 4km. Dificultade, baixa.

Interese histórico e paisaxístico. Nesta ruta, salientamos varios tramos cos “viñedos de enforcado” que, sustentados nos choupos negros, impactan coa súa peculiar estrutura no medio rural; aparecen os campos cultivados con liño, practicamente unha rareza, e un pracer, velos. Mais, ao cabo da ruta, chega o reclamo que lle dá o nome, o Campo de Ataca. Alí iniciase a batalla de San Mamede entre a nobreza portuguesa e a galega...e chega a independencia de Portugal.

18,30h **Volta**

Sobre o aloxamento

A Pousadinha da Juventude de Guimarães, situada no centro de Guimarães presenta habitacións de 6 liteiras. As instalacións son novas, acolledoras e confortábeis. O número de persoas das unidades de convivencia e a orde de inscrición determinarán a súa distribución.

Sobre a reserva

O albergue resérvanos as prazas tras o ingreso dunha porcentaxe da hospedaxe. Daquela, quen decida anotarse á Visita a Guimarães debe ingresar, despois da inscrición (e confirmación desta por Faia), a cantidade de 25€ por persoa que se restarán da cantidade global estipulada no programa.

No ingreso debes indicar o voso nome e o concepto “Viaxe a Guimarães”.

O número de conta bancaria é ES72 2080 0524 8130 0002 7868 correspondente á libreta de Marcelo Rodríguez Acosta en Novagalicia banco.

Nota.

Ao non aparecer o símbolo nasal no teclado para a palabra máis utilizada nesta visita (Guimarães), resólvese esta eiva coa utilización do acento circunflexo “^”.